# I. DISPOSICIÓNS XERAIS

## MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA

**7719** *Orde HFP/633/2017, do 28 de xuño, pola que se aproban os modelos de poderes inscritibles no Rexistro Electrónico de Apoderamentos da Administración xeral do Estado e no Rexistro Electrónico de Apoderamentos das entidades locais e se establecen os sistemas de sinatura válidos para realizar os apoderamentos apud acta a través de medios electrónicos.*

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece unha regulación completa e sistemática das relacións *ad extra* entre as administracións públicas e os administrados, que ten como principal obxectivo a simplificación e axilización dos procedementos administrativos.

Entre as medidas dirixidas á redución de cargas administrativas, a lei establece a posibilidade de realizar apoderamentos electrónicos *apud acta*, de maneira presencial ou electrónica, sen ningún custo para o cidadán. Deste modo, o interesado poderá apoderar outra persoa para que realice trámites no seu nome ante unha ou varias administracións públicas, con menores custos económicos e de tempo. Así mesmo, dispone a obrigación de cada Administración pública de contar cun rexistro electrónico de apoderamentos xeral. No ámbito estatal, este rexistro é o Rexistro Electrónico de Apoderamentos da Administración xeral do Estado, no cal se poderá integrar calquera dos rexistros equivalentes xa existentes noutras administracións públicas ou organismos.

No artigo 6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, regúlase a información mínima que deben conter os asentos que se realicen nos rexistros electrónicos xerais e particulares de apoderamentos. Ademais, os poderes que se inscriben nos rexistros xerais e particulares de apoderamentos deberán corresponder a algunha das categorías establecidas na lei. Para isto, a lei distingue tres categorías de poderes. En primeiro lugar, os poderes xerais para que o apoderado poida realizar en nome do outorgante calquera actuación administrativa e ante calquera Administración pública. En segundo lugar, os poderes que permiten ao apoderado actuar en nome do outorgante para calquera actuación administrativa ante unha Administración ou organismo concreto. En terceiro lugar, os poderes que permiten ao apoderado actuar en nome do outorgante unicamente para a realización de determinados trámites especificados no poder.

De conformidade co artigo 6, a través desta orde do ministro de Facenda e Función Pública apróbanse, con carácter básico, en virtude do previsto no artigo 149.1.18.ª da Constitución española, os modelos de poderes inscritibles tanto no Rexistro Electrónico de Apoderamentos da Administración xeral do Estado como no Rexistro Electrónico de Apoderamentos das entidades locais, distinguindo se permiten a actuación ante todas as administracións, ante a Administración xeral do Estado ou ante as entidades locais. Finalmente, inclúese un modelo de revogación dos poderes outorgados. Os campos dos modelos incluídos nos anexos deben ser obrigatoriamente cubertos para que os poderes resulten inscritibles tanto no Rexistro Electrónico de Apoderamentos da Administración xeral do Estado como no Rexistro Electrónico de Apoderamentos das entidades locais.

En todos os casos se prevé o seu outorgamento electrónico ou ben mediante comparecencia persoal na oficina de asistencia en materia de rexistros, coa posibilidade de que sexa un funcionario habilitado quen faga o trámite electrónico.

Non obstante o anterior, cando existan dúbidas acerca da validez do poder presentado, o correspondente servizo xurídico poderá solicitar a súa verificación de suficiencia.

Cabe sinalar tamén que, cando o poder se outorgue en nome do outorgante unicamente para a realización de determinados trámites especificados no poder (anexo III), se aclara que cando o outorgante queira apoderar para a realización de trámites e actuacións correspondentes ás materias previstas no número segundo da disposición

adicional primeira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, o correspondente poder deberase outorgar no rexistro particular de apoderamentos do correspondente organismo e seguindo o modelo aprobado para o efecto, se o houber.

Así mesmo, cabe mencionar que esta orde se axusta aos principios de boa regulación contidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, en canto que persegue un interese xeral ao permitir aos interesados apoderar terceiros con menores custos e cargas administrativas; cumpre estritamente o mandato establecido no artigo 6.4 da lei, xa que non existe ningunha alternativa regulatoria menos restritiva de dereitos; resulta coherente co ordenamento xurídico e permite unha xestión máis eficiente dos recursos públicos. Do mesmo modo, durante o procedemento de elaboración da norma, permitiuse a participación activa dos potenciais destinatarios a través do trámite de información pública e quedan xustificados os obxectivos que persegue a orde.

Esta orde dítase en exercicio da habilitación legal outorgada ao ministro de Facenda e Función Pública no artigo 6, que exixe que teña carácter básico para as entidades locais, e na disposición derradeira sexta da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Aprobación de modelos.*

1. De conformidade co artigo 6.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, apróbanse os modelos de poderes inscritibles no Rexistro Electrónico de Apoderamentos da Administración xeral do Estado e no Rexistro Electrónico de Apoderamentos das entidades locais, distinguindo, de acordo coas categorías legalmente establecidas:

a) Un poder xeral para que o apoderado poida actuar en nome do outorgante en calquera actuación administrativa e ante calquera Administración. Modelo 1, que se inclúe no anexo I da presente orde.

b) Un poder para que o apoderado poida actuar en nome do outorgante en calquera actuación administrativa ante unha Administración, entidade ou organismo concreto. Modelo 2, que se inclúe no anexo II da presente orde.

c) Un poder para que o apoderado poida actuar en nome do outorgante unicamente para a realización de determinados trámites especificados no poder. Modelo 3, que se inclúe no anexo III da presente orde.

d) Un modelo 4, que se inclúe no anexo IV desta orde, para revogar os poderes outorgados.

2. O apoderamento *apud acta* para a súa inscrición no Rexistro Electrónico de Apoderamentos da Administración xeral do Estado e no Rexistro Electrónico de Apoderamentos das entidades locais outorgarase mediante comparecencia na correspondente sede electrónica ou ben mediante comparecencia persoal nas oficinas de asistencia en materia de rexistros, de acordo co previsto no artigo 6.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. Para outorgar validamente o poder mediante comparecencia electrónica será necesario que o outorgante o asine mediante calquera dos sistemas de sinatura previstos no artigo 10.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. En particular:

a) Cando o outorgante sexa unha persoa física, a sinatura realizarase a través de DNI electrónico, certificado electrónico recoñecido ou cualificado ou outros medios incorporados en Cl@ve, sistemas todos eles integrados na plataforma Cl@ve, creada polo Acordo de Consello de Ministros do 19 de setembro de 2014.

b) Cando o outorgante sexa unha persoa xurídica, a sinatura basearase na información que figure nos certificados cualificados de representación.

Disposición derrogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derrogadas todas as normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao disposto nesta orde. En particular, quedan derrogados expresamente os anexos I, II e III da Orde HAP/1637/2012, do 5 de xullo, pola que se regula o Rexistro Electrónico de Apoderamentos.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde ministerial ten carácter básico e apróbase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.ª da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas, e competencia en materia de procedemento administrativo común e sistema de responsabilidade de todas as administracións públicas.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o 2 de xaneiro de 2018.

Madrid, 28 de xuño de 2017.–O ministro de Facenda e Función Pública, Cristóbal Montoro Romero.

## ANEXO I

### Poder xeral para que o apoderado poida actuar en nome do outorgante en calquera actuación administrativa e ante calquera Administración pública

Modelo presentado (elixa unha das dúas opcións):

☐ Telematicamente, en sede electrónica.

☐ Presencialmente, a través de funcionario público habilitado con número (para cubrir pola Administración):

Comparece o outorgante (elixa unha das dúas opcións):

☐ Persoa física maior de idade:

| | | |
|---|---|---|
| Nome: | Primeiro apelido: | Segundo apelido: |
| NIF/DNI//NIE: | Teléfono: | Correo electrónico: |
| Domicilio: | | |

☐ Persoa xurídica:

| | |
|---|---|
| NIF: | Denominación: |
| Teléfono: | Correo electrónico: |

O outorgante outorga poder a favor do apoderado (elixa unha das dúas opcións):

☐ Persoa física maior de idade:

| | | |
|---|---|---|
| Nome: | Primeiro apelido: | Segundo apelido: |
| NIF/DNI/NIE: | Teléfono: | Correo electrónico: |
| Domicilio: | | |

☐ Persoa xurídica:

| NIF: | Denominación: |
|---|---|
| Teléfono: | Correo electrónico: |

debidamente constituída de acordo coas leis[1] ______________________

debidamente inscrita

☐ no Rexistro Mercantil
☐ no Rexistro de Asociacións
☐ no Rexistro de Fundacións
☐ Noutro: ______________

Datos de identificación da escritura:
______________________
______________________
______________________

ten previsto nos seus estatutos, os cales se xuntan, a posibilidade de desenvolver a actividade de representación doutras persoas ante as administracións públicas.

[1] Indicar a lei de constitución correspondente de acordo coa natureza da persoa xurídica.

## Poder:

Tan amplo e cumprido como en dereito sexa necesario para actuar en nome do outorgante para levar a cabo calquera actuación administrativa ante calquera Administración pública e, en particular, para a realización dos seguintes trámites:

1. Formular solicitudes de iniciación de procedementos administrativos.
2. Emendar e mellorar solicitudes.
3. Presentar declaracións responsables e comunicacións.
4. Propor actuacións do procedemento administrativo que requiran a súa intervención ou constitúan trámites establecidos legal ou regulamentariamente.
5. Realizar alegacións e achegar ao procedemento documentos ou outros elementos de proba.
6. Propor proba e intervir, se for o caso, na práctica desta.
7. Intervir no trámite de audiencia.
8. Comparecer no trámite de información pública ou en calquera trámite de participación das persoas previsto na normativa reguladora do procedemento correspondente.
9. Subscribir acordos, pactos, convenios ou contratos que teñan a consideración de finalizadores do procedemento ou que se insiran nel con carácter previo, vinculante ou non, á resolución que lle poña fin, nos termos do artigo 86 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
10. Desistir de solicitudes e renunciar a dereitos.
11. Realizar cantos actos sexan necesarios para dar cumprimento ao resolto no procedemento.
12. Solicitar a revisión de oficio dos actos administrativos que padezan algún vicio de nulidade de pleno dereito.
13. Solicitar a rectificación dos erros materiais, de feito ou aritméticos que se aprecien nos actos administrativos.
14. Interpor toda clase de recursos administrativos, ordinarios ou extraordinarios, incluído o recurso *per saltum*, así como as reclamacións que procedan conforme a lexislación aplicable.
15. Promover outros procedementos de impugnación, reclamación, conciliación, mediación e arbitraxe ante órganos colexiados ou comisións específicas, cando estean previstos en substitución do recurso de alzada nas leis aplicables ao procedemento administrativo de que se trate, nos termos establecidos no artigo 112.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
16. Interpor reclamacións económico-administrativas.
17. Proceder ao aboamento de calquera obrigación de pagamento á Facenda pública.
18. Recibir notificacións
19. Cobrar calquera cantidade líquida da Administración pública.
20. Calquera outro trámite ou actuación administrativa previstos na lexislación aplicable.

## Vixencia do poder:

| Data de inicio: / / | Data de fin: / / |
|---|---|

A vixencia máxima non poderá superar os cinco anos contados desde a data de inscrición.
A data de inicio consignada terá valor sempre que sexa posterior á data de inscrición; en caso contrario, esta será a data de inicio.

En ____________ o___/______/____
lugar data

Sinatura do outorgante:

## ANEXO II

**Poder para que o apoderado poida actuar en nome do outorgante en calquera actuación administrativa ante a Administración xeral do Estado, ante unha entidade local ou ante algún dos seus organismos ou entidades vinculados ou dependentes**

Modelo presentado (elixa unha das dúas opcións):

☐ Telematicamente, en sede electrónica.

☐ Presencialmente, a través de funcionario público habilitado con número (para cubrir pola Administración): ______

Comparece o outorgante (elixa unha das dúas opcións):

☐ Persoa física maior de idade:

| Nome: | Primeiro apelido: | Segundo apelido: |
|---|---|---|
| NIF/DNI/NIE: | Teléfono: | Correo electrónico: |
| Domicilio | | |

☐ Persoa xurídica:

| NIF: | Denominación: |
|---|---|
| Teléfono: | Correo electrónico: |

---

O outorgante outorga poder a favor do apoderado (elixa unha das dúas opcións):

☐ Persoa física maior de idade:

| Nome: | Primeiro apelido: | Segundo apelido: |
|---|---|---|
| NIF/DNI/NIE: | Teléfono: | Correo electrónico: |
| Domicilio | | |

☐ Persoa xurídica:

| NIF: | Denominación: |
| --- | --- |
| Teléfono: | Correo electrónico: |

debidamente constituída de acordo coas leis[1]: ____________________

debidamente inscrita

☐ no Rexistro Mercantil
☐ no Rexistro de Asociacións
☐ no Rexistro de Fundacións
☐ Noutro: ____________

Datos de identificación da escritura:
____________________
____________________
____________________

ten previsto nos seus estatutos, os cales se xuntan, a posibilidade de desenvolver a actividade de representación doutras persoas ante as administracións públicas.

[1] Indicar a lei de constitución correspondente de acordo coa natureza da persoa xurídica.

Poder:

Tan amplo e cumprido como en dereito sexa necesario para actuar en nome do outorgante en calquera actuación administrativa e ante (elixa unha opción):

| | | |
|---|---|---|
| ☐ | A Administración xeral do Estado, con código dir3[1]: | |
| ☐ | A entidade local ____________________, con código dir3: | |
| ☐ | O organismo ou entidade vinculado ou dependente da Administración xeral do Estado --------------------------------------------------------, con código dir3: | |
| ☐ | O organismo ou entidade vinculado ou dependente da entidade local, -----------------------------------------------------------, con código dir3: | |

e, en particular, para a realización dos seguintes trámites:

1. Formular solicitudes de iniciación de procedementos administrativos.
2. Emendar e mellorar solicitudes.
3. Presentar declaracións responsables e comunicacións.
4. Propor actuacións do procedemento administrativo que requiran a súa intervención ou constitúan trámites establecidos legal ou regulamentariamente.
5. Realizar alegacións e achegar ao procedemento documentos ou outros elementos de proba.
6. Propor proba e intervir, se for o caso, na práctica desta.
7. Intervir no trámite de audiencia.
8. Comparecer no trámite de información pública ou en calquera trámite de participación das persoas previsto na normativa reguladora do procedemento correspondente.
9. Subscribir acordos, pactos, convenios ou contratos que teñan a consideración de finalizadores do procedemento ou que se insiran nel con carácter previo, vinculante ou non, á resolución que lle poña fin, nos termos do artigo 86 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
10. Desistir de solicitudes e renunciar a dereitos.
11. Realizar cantos actos sexan necesarios para dar cumprimento ao resolto no procedemento.
12. Solicitar a revisión de oficio dos actos administrativos que padezan algún vicio de nulidade de pleno dereito.
13. Solicitar a rectificación dos erros materiais, de feito ou aritméticos que se aprecien nos actos administrativos.
14. Interpor toda clase de recursos administrativos, ordinarios ou extraordinarios, incluído o recurso *per saltum*, así como as reclamacións que procedan conforme a lexislación aplicable.
15. Promover outros procedementos de impugnación, reclamación, conciliación, mediación e arbitraxe ante órganos colexiados ou comisións específicas, cando estean previstos en substitución do recurso de alzada nas leis aplicables ao procedemento administrativo de que se trate, nos termos establecidos no artigo 112.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
16. Interpor reclamacións económico-administrativas.
17. Proceder ao aboamento de calquera obrigación de pagamento á Facenda pública.
18. Recibir notificacións
19. Cobrar calquera cantidade líquida da Administración pública.
20. Calquera outro trámite ou actuación administrativa previsto na lexislación aplicable.

[1] Os códigos dir3 do modelo serán cubertos pola Administración.

Vixencia do poder:

| Data de inicio: / / | Data de fin: / / |
|---|---|

A vixencia máxima non poderá superar os cinco anos contados desde a data de inscrición.
A data de inicio consignada terá valor sempre que sexa posterior á data de inscrición; en caso contrario, esta será a data de inicio.

En ____________ o___/______/____
lugar data

Sinatura do outorgante:

## ANEXO III

### Poder especial para que o apoderado poida actuar en nome do outorgante para a realización dos trámites especificados no poder

*"Cando, facendo uso do modelo previsto neste anexo III, se queira apoderar para a realización de trámites e actuacións correspondentes ás materias previstas no punto segundo da disposición adicional primeira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o correspondente poder deberase outorgar no rexistro particular de apoderamentos do correspondente organismo e seguindo o modelo aprobado para o efecto, se o houber.

Modelo presentado (elixa unha das dúas opcións):

☐ Telematicamente, en sede electrónica.

☐ Presencialmente, a través de funcionario público habilitado con número: (para cubrir pola Administración): [ ]

Comparece o outorgante (elixa unha das dúas opcións):

☐ Persoa física maior de idade:

| Nome: | Primeiro apelido: | Segundo apelido: |
|---|---|---|
| NIF/DNI/NIE: | Teléfono: | Correo electrónico: |
| Domicilio: | | |

☐ Persoa xurídica:

| NIF: | Denominación: |
|---|---|
| Teléfono: | Correo electrónico: |

O outorgante outorga poder a favor do apoderado (elixa unha das dúas opcións):

☐ Persoa física maior de idade:

| Nome: | Primeiro apelido: | Segundo apelido: |
|---|---|---|
| NIF/DNI/NIE: | Teléfono: | Correo electrónico: |
| Domicilio: | | |

☐ Persoa xurídica:

| NIF: | Denominación: |
|---|---|
| Teléfono: | Correo electrónico: |

debidamente constituída de acordo coas leis[1]: ____________________

debidamente inscrita

☐ no Rexistro Mercantil
☐ no Rexistro de Asociacións
☐ no Rexistro de Fundacións
☐ Noutro: ____________

Datos de identificación da escritura:
____________________
____________________
____________________

ten previsto nos seus estatutos, os cales se xuntan, a posibilidade de desenvolver a actividade de representación doutras persoas ante as administracións públicas.

[1] Indicar a lei de constitución correspondente de acordo coa natureza da persoa xurídica.

Poder:

Tan amplo e cumprido como en dereito sexa necesario para actuar en nome do outorgante para a realización dalgún ou dalgúns dos seguintes trámites (marque os trámites concretos que considere oportunos) para calquera materia ou só para a materia seleccionada (sinale a materia que considere en cada trámite. Se non sinala ningunha, considerarase que é para calquera materia). Igualmente, seleccione se o trámite para o cal se apodera se levará a cabo ante a Administración xeral do Estado, ante unha entidade local ou ante algún dos seus correspondentes organismos ou entidades vinculados ou dependentes. Se non sinala ningunha opción concreta, considerarase que é para actuar ante a Administración xeral do Estado e ante unha entidade local ou ante algún dos seus organismos ou entidades vinculados ou dependentes:

| TRÁMITES | MATERIAS | ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE (seleccione unha das 5 opcións) |
|---|---|---|
| 1- Formular solicitudes de iniciación de procedementos administrativos. | | A. A Administración xeral do Estado, con código dir3[1]:<br>B. A entidade local ______________________, con código dir3:<br>C. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da Administración xeral do Estado --------------------- , con código dir3:<br>D. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da entidade local,-----------, con código dir3:<br>E. A Administración xeral do Estado e unha entidade local ou algún dos seus organismos ou entidades vinculados ou dependentes. |
| 2- Emendar e mellorar solicitudes. | | A. A Administración xeral do Estado, con código dir3:<br>B. A entidade local ______________________, con código dir3:<br>C. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da Administración xeral do Estado ----------------------, con código dir3: |

[1] Os códigos dir3 do modelo serán cubertos pola Administración.

| TRÁMITES | MATERIAS | ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE (seleccione unha das 5 opcións) |
|---|---|---|
| | | D. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da entidade local,-----------, con código dir3:<br><br>E. A Administración xeral do Estado e unha entidade local ou algún dos seus organismos ou entidades vinculados ou dependentes. |
| 3- Presentar declaracións responsables e comunicacións | | A. A Administración xeral do Estado, con código dir3:<br><br>B. A entidade local ____________________, con código dir3:<br><br>C. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da Administración xeral do Estado ---------------------, con código dir3:<br><br>D. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da entidade local,-----------, con código dir3:<br><br>E. A Administración xeral do Estado e unha entidade local ou algún dos seus organismos ou entidades vinculados ou dependentes. |
| Desenvolvemento do procedemento | | |
| 4- Propor actuacións do procedemento administrativo que requiran a súa intervención ou constitúan trámites establecidos legal ou regulamentariamente. | | A. A Administración xeral do Estado, con código dir3:<br><br>B. A entidade local ____________________, con código dir3:<br><br>C. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da Administración xeral do Estado ---------------------, con código dir3: |

| TRÁMITES | MATERIAS | ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE (seleccione unha das 5 opcións) |
|---|---|---|
| | | D. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da entidade local,-----------, con código dir3:<br><br>E. A Administración xeral do Estado e unha entidade local ou algún dos seus organismos ou entidades vinculados ou dependentes. |
| 5- Realizar alegacións e achegar ao procedemento documentos ou outros elementos de proba. | | A. A Administración xeral do Estado, con código dir3:<br><br>B. A entidade local ______________________, con código dir3:<br><br>C. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da Administración xeral do Estado ---------------------, con código dir3:<br><br>D. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da entidade local,-----------, con código dir3:<br><br>E. A Administración xeral do Estado e unha entidade local ou algún dos seus organismos ou entidades vinculados ou dependentes. |
| 6- Propor proba e intervir, se for o caso, na práctica desta. | | A. A Administración xeral do Estado, con código dir3:<br><br>B. A entidade local ______________________, con código dir3:<br><br>C. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da Administración xeral do Estado ---------------------, con código dir3: |

| TRÁMITES | MATERIAS | ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE (seleccione unha das 5 opcións) |
|---|---|---|
| | | D. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da entidade local,-----------, con código dir3:<br><br>E. A Administración xeral do Estado e unha entidade local ou algún dos seus organismos ou entidades vinculados ou dependentes. |
| 7- Intervir no trámite de audiencia. | | A. A Administración xeral do Estado, con código dir3:<br><br>B. A entidade local ____________________, con código dir3:<br><br>C. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da Administración xeral do Estado ----------------------, con código dir3:<br><br>D. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da entidade local,----------- , con código dir3:<br><br>E. A Administración xeral do Estado e unha entidade local ou algún dos seus organismos ou entidades vinculados ou dependentes. |
| 8- Comparecer no trámite de información pública ou en calquera trámite de participación das persoas previsto na normativa reguladora do procedemento correspondente. | | A. A Administración xeral do Estado, con código dir3:<br><br>B. A entidade local ____________________, con código dir3:<br><br>C. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da Administración xeral do Estado ----------------------, con código dir3: |

| TRÁMITES | MATERIAS | ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE (seleccione unha das 5 opcións) |
|---|---|---|
| | | D. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da entidade local,-----------, con código dir3:<br><br>E. A Administración xeral do Estado e unha entidade local ou algún dos seus organismos ou entidades vinculados ou dependentes. |
| 9- Subscribir acordos, pactos, convenios ou contratos que teñan a consideración de finalizadores do procedemento ou que se insiran nel con carácter previo, vinculante ou non, á resolución que lle poña fin, nos termos do artigo 86 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. | | A. A Administración xeral do Estado, con código dir3:<br><br>B. A entidade local ____________________, con código dir3:<br><br>C. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da Administración xeral do Estado ---------------------, con código dir3:<br><br>D. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da entidade local,-----------, con código dir3:<br><br>E. A Administración xeral do Estado e unha entidade local ou algún dos seus organismos ou entidades vinculados ou dependentes. |
| Finalización do procedemento e outros trámites | | |
| 10- Desistir de solicitudes e renunciar a dereitos. | | A. A Administración xeral do Estado, con código dir3:<br><br>B. A entidade local ____________________, con código dir3:<br><br>C. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da Administración xeral do Estado ---------------------, con código dir3: |

| TRÁMITES | MATERIAS | ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE<br>(seleccione unha das 5 opcións) |
|---|---|---|
| | | D. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da entidade local,-----------, con código dir3:<br><br>E. A Administración xeral do Estado e unha entidade local ou algún dos seus organismos ou entidades vinculados ou dependentes. |
| 11- Realizar cantos actos sexan necesarios para dar cumprimento ao resolto no procedemento. | | A. A Administración xeral do Estado, con código dir3:<br><br>B. A entidade local ____________________, con código dir3:<br><br>C. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da Administración xeral do Estado ---------------------- , con código dir3:<br><br>D. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da entidade local,-----------, con código dir3:<br><br>E. A Administración xeral do Estado e unha entidade local ou algún dos seus organismos ou entidades vinculados ou dependentes. |
| 12- Solicitar a revisión de oficio dos actos administrativos que padezan algún vicio de nulidade de pleno dereito. | | A. A Administración xeral do Estado, con código dir3:<br><br>B. A entidade local ____________________, con código dir3:<br><br>C. O organismo ou entidade vinculado dependente da Administración xeral ou do Estado ----------------------, con código dir3: |

| TRÁMITES | MATERIAS | ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE (seleccione unha das 5 opcións) |
|---|---|---|
| | | D. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da entidade local,----------- , con código dir3:<br><br>E. A Administración xeral do Estado e unha entidade local ou algún dos seus organismos ou entidades vinculados ou dependentes. |
| 13- Solicitar a rectificación dos erros materiais, de feito ou aritméticos que se aprecien nos actos administrativos. | | A. A Administración xeral do Estado, con código dir3:<br><br>B. A entidade local ____________________, con código dir3:<br><br>C. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da Administración xeral do Estado ---------------------, con código dir3:<br><br>D. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da entidade local,-----------, con código dir3:<br><br>E. A Administración xeral do Estado e unha entidade local ou algún dos seus organismos ou entidades vinculados ou dependentes. |
| 14- Interpor toda clase de recursos administrativos, ordinarios ou extraordinarios, incluído o recurso *per saltum*, así como as reclamacións que procedan conforme a lexislación aplicable. | | A. A Administración xeral do Estado, con código dir3:<br><br>B. A entidade local ____________________, con código dir3:<br><br>C. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da Administración xeral do Estado ---------------------, con código dir3: |

| TRÁMITES | MATERIAS | ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE<br>(seleccione unha das 5 opcións) |
|---|---|---|
| | | D. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da entidade local,-----------, con código dir3<br><br>E. A Administración xeral do Estado e unha entidade local ou algún dos seus organismos ou entidades vinculados ou dependentes. |
| 15- Promover outros procedementos de impugnación, reclamación, conciliación, mediación e arbitraxe ante órganos colexiados ou comisións específicas, cando estean previstos en substitución do recurso de alzada nas leis aplicables ao procedemento administrativo de que se trate, nos termos establecidos no artigo 112.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. | | A. A Administración xeral do Estado, con código dir3:<br><br>B. A entidade local ______________________, con código dir3:<br><br>C. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da Administración xeral do Estado ---------------------, con código dir3:<br><br>D. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da entidade local,-----------, con código dir3:<br><br>E. A Administración xeral do Estado e unha entidade local ou algún dos seus organismos ou entidades vinculados ou dependentes. |
| 16- Interpor reclamacións económico-administrativas. | | A. A Administración xeral do Estado, con código dir3:<br><br>B. A entidade local ______________________, con código dir3:<br><br>C. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da Administración xeral do Estado ---------------------, con código dir3: |

| TRÁMITES | MATERIAS | ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE<br>(seleccione unha das 5 opcións) |
|---|---|---|
| | | D. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da entidade local,-----------, con código dir3:<br><br>E. A Administración xeral do Estado e unha entidade local ou algún dos seus organismos ou entidades vinculados ou dependentes. |
| 17- Proceder ao aboamento de calquera obrigación de pagamento á Facenda pública. | | A. A Administración xeral do Estado, con código dir3:<br><br>B. A entidade local ____________________, con código dir3:<br><br>C. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da Administración xeral do Estado ---------------------, con código dir3:<br><br>D. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da entidade local,-----------, con código dir3:<br><br>E. A Administración xeral do Estado e unha entidade local ou algún dos seus organismos ou entidades vinculados ou dependentes. |
| 18- Recibir notificacións. | | A. A Administración xeral do Estado, con código dir3:<br><br>B. A entidade local ____________________, con código dir3:<br><br>C. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da Administración xeral do Estado ---------------------, con código dir3: |

| TRÁMITES | MATERIAS | ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE (seleccione unha das 5 opcións) |
|---|---|---|
| | | D. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da entidade local,-----------, con código dir3:<br><br>E. A Administración xeral do Estado e unha entidade local ou algún dos seus organismos ou entidades vinculados ou dependentes. |
| 19- Cobrar calquera cantidade líquida da Administración pública. | | A. A Administración xeral do Estado, con código dir3:<br><br>B. A entidade local ______________________, con código dir3:<br><br>C. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da Administración xeral do Estado ----------------------, con código dir3:<br><br>D. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da entidade local,-----------, con código dir3:<br><br>E. A Administración xeral do Estado e unha entidade local ou algún dos seus organismos ou entidades vinculados ou dependentes. |
| 20- Calquera outro trámite ou actuación administrativa previstos na lexislación aplicable. | | A. A Administración xeral do Estado, con código dir3:<br><br>B. A entidade local ______________________, con código dir3:<br><br>C. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da Administración xeral do Estado ----------------------, con código dir3: |

| TRÁMITES | MATERIAS | ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE<br>(seleccione unha das 5 opcións) |
|---|---|---|
| | | D. O organismo ou entidade vinculado ou dependente da entidade local,----------------, con código dir3:<br><br>E. A Administración xeral do Estado e unha entidade local ou algún dos seus organismos ou entidades vinculados ou dependentes. |

Vixencia do poder:

| Data de inicio:<br>/ / | Data de fin:<br>/ / |
|---|---|

A vixencia máxima non poderá superar os cinco anos contados desde a data de inscrición.
A data de inicio consignada terá valor sempre que sexa posterior á data de inscrición; en caso contrario, esta será a data de inicio.

En ____________ o___/______/____
lugar data

Sinatura do outorgante:

## ANEXO IV

### Revogación do poder outorgado

Modelo presentado (elixa unha das dúas opcións):

☐ Telematicamente, en sede electrónica.

☐ Presencialmente, a través de funcionario público habilitado con número:
(para cubrir pola Administración):

Comparece o outorgante (elixa unha das dúas opcións):

☐ Persoa física maior de idade:

| | | |
|---|---|---|
| Nome: | Primeiro apelido: | Segundo apelido: |
| NIF/DNI/NIE: | Teléfono: | Correo electrónico: |
| Domicilio: | | |

☐ Persoa xurídica:

| | |
|---|---|
| NIF: | Denominación: |
| Teléfono: | Correo electrónico: |

O outorgante REVOGA o poder outorgado con data do -------------------- correspondente ao modelo -------- (1, 2 ou 3, dos previstos nesta orde)
a favor do apoderado (elixa unha das dúas opcións):

☐ Persoa física maior de idade:

| | | |
|---|---|---|
| Nome: | Primeiro apelido: | Segundo apelido: |
| NIF/DNI/NIE: | Teléfono: | Correo electrónico: |
| Domicilio: | | |

☐ Persoa xurídica:

| NIF: | Denominación: |
|---|---|
| Teléfono: | Correo electrónico: |

debidamente constituída de acordo coas leis[1]: ____________________

debidamente inscrita

☐ no Rexistro Mercantil
☐ no Rexistro de Asociacións
☐ no Rexistro de Fundacións
☐ Noutro: ____________________

Datos de identificación da escritura:
____________________
____________________
____________________

ten previsto nos seus estatutos, os cales se xuntan, a posibilidade de desenvolver a actividade de representación doutras persoas ante as administracións públicas.

Efectos da revogación:

En _____________ o___/______/____
lugar data

A revogación producirá efectos desde a data da inscrición.

Sinatura do outorgante:

[1] Indicar a lei de constitución correspondente de acordo coa natureza da persoa xurídica.